

A poesía

Le o seguinte poema:

Voa que voar voaba
o merliño na silveira.

–Por que non voas, merliño,
por riba da miña eira?

–Voar voei, e máis voaría
se da eira non voase o día.



Cada unha das liñas dos poemas é un **verso**. Varios versos agrupados forman unha **estrofa**.

Cando as últimas palabras de dous ou máis versos soan parecido dicimos que **riman**.

20 Completa o poema de Manuel Rico coas palabras dos recadros:

O peto

Peto, peto pequechiño,
redondiño e ...,
petas, petas co peteiro
nun carballo

E o peteiro un bo furado
en pouco tempo

E os oviños naquel niño
a nai peta alí

chocou

peteirón

rematou

carballón



21 Ao poema anterior fáltalle unha estrofa. Complétao cos versos no teu caderno:

...

cun peteiro moi lambón.

Entre plumas van medrando

tres petiños peteiróns

Tres pitiños coida a peta

22 Escolle ti agora outro animal e inventa unha poesía sobre el.